

## REGLAMENTO XIX CARREIRA NOCTURNA DE CELANOVA

### Percorridos e categorías

<b>BIBERONS-2021-2022</b>	<b>60mts</b>
<b>PITUFOS-2019-2020</b>	<b>100mts</b>
<b>SUB-8-2017-2018</b>	<b>500mts</b>
<b>SUB-10: 2015-2016</b>	<b>500mts</b>
<b>SUB-12: 2013-2014</b>	<b>1000mts</b>
<b>SUB-14: 2011-2012</b>	<b>1.600mts</b>
<b>SUB-16: 2009-2010</b>	<b>1.600mts</b>
<b>SUB-18: 2007-2008</b>	<b>8.500mts</b>
<b>SUB-23: 2002-2003-2004-2005-2006</b>	<b>8.500mts</b>
<b>SENIOR: 2001 en adelante, ata os 34 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-35: Dende o día que cumpra 35 ós 39 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-40: Dende o día que cumpra 40 ós 44 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-45: Dende o día que cumpra 45 ós 49 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-50: Dende o día que cumpra 50 ós 54 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-55: Dende o día que cumpra 55 ós 59 anos.</b>	<b>8.500mts</b>
<b>MASTER-60: Dende o día que cumpra 60 en adelante.</b>	<b>8.500 mts</b>

CATEGORÍAS	PREMIOS	
SUB-8 SUB-10 SUB-12 SUB-14 SUB-16	TROFEO PARA @S PRIMEIR@S DE CADA CATEGORÍA E MEDALLAS PARA TODO LOS PARTICIPANTES	
CARREIRA ABSOLUTA	1ºCLAS.MASC:TROFEO+300EUR. 2ºCLAS.MASC:TROFEO+200EUR. 3ºCLAS.MASC:TROFEO+100EUR.	1ªCLAS.FEM:TROFEO+300EUR. 2ªCLAS.FEM:TROFEO+200EUR. 3ªCLAS.FEM:TROFEO+100EUR.
CARREIRA ABSOLUTA -ATLETAS LOCAIS- (Comarca De Celanova)	1ºCLAS.MASC:TROFEO 2ºCLAS.MASC:TROFEO 3ºCLAS.MASC:TROFEO	1ªCLAS.FEM:TROFEO 2ªCLAS.FEM:TROFEO 3ªCLAS.FEM:TROFEO
SUB -18 SUB-23 SENIOR MASTER 35 MASTER 40 MASTER 45 MASTER 50 MASTER 55 MASTER 60	TROFEOS PARA @ PRIMEIR@ CLASIFICAD@ DE CADA CATEGORÍA ABSOLUTO E LOCAL  *Entendese por local aos que pertecen aos distintos concellos da Mancomunidade de Celanova)	
BIBERONE PITUFOS	MEDALLAS PARA TOD@ @S PARTICIPANTES	
MAIOR IDADE	TROFEO O/A PARTICIPANTE DE MAIOR IDADE QUE PARTICIPE NA PROBADE MAIORES	
TROFEO ESPECIAL COSTA CURROS ENRIQUEZ	1ºCLAS.MASC:TROFEO+100EUR	1ªCLAS.FEM:TROFEO+100EUR

\*As entregas de premios realizaranse o rematar as distintas probas:

ENTREGA CARREIRAS MENORES: Sobre 20:45 Ao remate das distintas probas de menores.

ENTREGAS CARREIRA ABSOLUTA: Sobre 23:45 Ao remate da proba absoluta.

## **REGULAMENTO**

**A XIX CARREIRA NOCTURNA DE CELANOVA celebrárase o Sabado 22 de Xuño do 2024.**

**A zona de saída e meta estará ubicada na Praza Maior de Celanova.**

**A saída da carreira absoluta darase na Praza Maior as 22:30h. Os participantes deberán situarse na zona de saída 5 min. antes do inicio da proba.**

**A saída das carreiras de menores, ata sub-16(inclusive), darase na Praza Maior a partir das 20:00 de maneira sucesiva.**

**O control de chegada pechará 50min. despois de que entre o primeiro clasificado.**

**A clasificación será absoluta e por categorías.**

**Será motivo de descalificación entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipulalo ou falsificar datos persoais.**

**A organización contará coa colaboración da FGA, Protección civil e dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico o longo do percorrido.**

**A carreira conta con seguro de accidentes e RC.**

**A organización contará con servizos médicos e ambulancia con persoal sanitario.**

**A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuices da FGA. Así mesmo a proba estará controlada o longo de todo o percorrido a través do servizo de cronometraxe e seguimento informatizado a través da empresa Championchip.**

**Será cronometrada con CHIP DESBOTABLE e irá pegado o dorsal. Para participar na proba é obrigatorio e imprescindible o uso do dorsal facilitado pola organización.**

**O dorsal debe de ir obrigatoriamente por diante a altura do abdomen,**

**A participación de atletas estranxeiros farase conforme a normativa da RFEA**

**Todo o non disposto na presente normativa, incluída participación de atletas, rexeráse polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para presente tempada, así como todo o regulamento por instancias superiores.**

**[https://www.rfea.es/normas/pdf/Reglamento2023/05\\_ReglamentoCompeticionok.pdf](https://www.rfea.es/normas/pdf/Reglamento2023/05_ReglamentoCompeticionok.pdf)**

**As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non mais tarde de 30min. despois de comunicarse oficialmente os resultados.**

**Haberá servizo de duchas no Pavillón Municipal As Trigueiras.**

A organización reservase o dereito de modificar este reglamento se as circunstancias o aconsellan.

#### **INSCRICIÓNS:**

Recibiranse inscricións a partir do Mércores 22 Mayo ata o Xoves 20 de Xuño as 23:59, que se pechará o prazo.

As inscricións para as carreiras sub-8, sub-10, sub-12, sub14, sub 16-sub-18, PITUFOS e BIBERÓN, serán gratuitas e faranse por os seguintes medios ata as 23:59 do Xoves 20 de Xuño.

Na web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou presencialmente no Pavillón de Deportes de Celanova. Tlf-988431484

As inscricións para a CARREIRA ABSOLUTA ,teñen que abonar 7 euros en concepto de cuota de inscrición. E esta farase a través da web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou presencialmente no Pavillón de deportes de Celanova. Tlf.988431484

**IMPORTANTE:** Deberan sinalar si como atletas locais pertencen a algún concello da Mancomunidade de Celanova.

A inscrición implica acreditar que se atopa en boas condicións físicas, eximindo a organización ou persoa relacionada de calquera responsabilidade que puidese derivar a participación na proba.

Calquera persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar en agasallos, premios, outrofeos. Así mesmo, non estará cuberto polos seguros da proba.

Ao inscribirse, todos os participantes ceden os seus dereitos de imaxe a organización, que utilizará de acordo coa lei de protección de datos. Todos os participantes, ao inscribirse, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nos rankings, medios de comunicación ou internet.

Mediante a inscrición, o corredor consente expresamente a entidade xestora do seguro de accidentes que se cedan os seus datos básicos para a tramitación do seguro de accidente e RC. Coa entidade aseguradora. En todo caso, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo electrónico da FGA.

Unha vez realizada a inscrición, non se procederá a devolución do seu importe.

A participación na proba conleva a total aceptación de este regulamento. Todo atleta polo feito de tomar a saída acepta tanto o presente regulamento, como a decisión que tome a organización no caso de dúbidas que poidan suscitarse.

## OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:**A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Co realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008A Coruña.